

INSTRUCCIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE DITA AO AMPARO DOS CRITERIOS PARA A CELEBRACIÓN DE PROBAS EN PROCESOS SELECTIVOS A PERSOAS AFECTADAS POR COVID-19 OU POR MEDIDAS IMPOSTAS POLAS AUTORIDADES SANITARIAS CON MOTIVO DESTA ENFERMIDADE, E QUE DEBIDO ÁS MESMAS NON PODAN REALIZAR AS CORRESPONDENTES PROBAS NO PROCESO SELECTIVO NO QUE SE ATOPEN ADMITIDOS.

Para os efectos do previsto no documento sobre criterios para a celebración de probas en procesos a persoas afectadas por COVID-19, ou por medidas impostas polas autoridades sanitarias con motivo desta enfermidade, e que debido ás devanditas circunstancias non puideron realizar as correspondentes probas no proceso selectivo no que se atopan admitidos: “Por parte do Departamento de Recursos Humanos determinarase, mediante unha instrución, os prazos e actuacións dos órganos de selección para resolver as devanditas situacións, en aras á actuación homoxénea dos mesmos, e evitar demoras e prexuízos ao resto de aspirantes do correspondente proceso selectivo.”, en consecuencia determínase:

1.- Cando nun proceso selectivo se tivera realizado algunha das probas, e houbera aspirantes que non se puideran presentar debido ás circunstancias sanitarias actuais, o Tribunal celebrará de novo a proba para os aspirantes que acreditasen estar afectados pola COVID-19, ou por medidas impostas pola autoridade sanitaria. A repetición da proba deberá realizarse no prazo máximo de 15 días hábiles desde a data en que se realizou a proba á que non puideron asistir.

Se a causa persistise, **e sempre que este debidamente xustificada documentalmente**, deberase esperar a que todos os afectados pendentes de realizar a proba non se atopen inmersos nas situacións contempladas. Con todo, e en aras a garantir o dereito de todos os opositores, **en ningún caso o prazo de celebración das devanditas probas poderá superar o mes.**

2.- As persoas aspirantes remitirán ao tribunal cualificador os documentos oficiais emitidos pola autoridade sanitaria, que acrediten a situación que se alega para poder acudir á proba non realizada. En caso de non ser remitidos, o opositor terase por non presentado.

Para iso, os afectados deberán remitir dita documentación ao Tribunal cunha antelación de 72 horas antes da celebración do exame.

Ferrol, na data da sinatura dixital